

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº81/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de febreiro/ Estado de Entroido

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Unha das moitas actividades que realiza o Parque no Centro de Vigo. Por que nas visitas ás illas que programa, non hai máis prazas dispoñibles? Páx. 1




Unha Manga Mariña, fixo estragos en Ons e tamén nas zonas do Salnés, sobre todo, en Cambados. Páx. 1

Que pasa coas toniñas que nos visitaban dentro da ría de Pontevedra e das súas proximidades? Páx. 2



Temos novo vehículo en Ons e, ademais eléctrico. Sen embargo os veciños precisan un pequeno tractor para axuda agrícola. Os xestores miran para outro lado..., ou só para o seu? Páx. 3

Por que Parques non promociona as illas atlánticas por medio da súa literatura e investigación? Por un Día das Letras das Illas do Parque Nacional. Páx. 3



Boa actuación de Parques para ter unha boa visión paisaxista na Illa. Eliminan os postes eléctricos de Curro a Pereiró. Páx. 5



Está a levarse a reconstrución da ermida da illa de Cortegada. Esperemos que houbera un estudo previo e que a empresa que a leva a cabo realice un bo traballo profesional e con base científica. Páx. 4



De novo o camiño de Curro ao Campamento da Xunta, no barrio de Pereiró, sofre un importante deterioro por mor dos temporais, por non ser arranxado dun xeito profesional. Páx. 6

Breves:
- Subvencións Parque Nacional na Área de Influencia. Páx. 6



DESCUBRINDO AS
Illas atlánticas

APÚNTATE ÁS RUTAS GUIADAS COS GUÍAS DO PARQUE NACIONAL

CÍES, UNHA VIAXE NO TEMPO
Sábado 17 febreiro,
Saída de Vigo ás 9:30 e regreso a 18:30
Transporte 15.5€. 20 plazas

ONS, A ILLA E O MAR
Sábados 13 e 20 de abril
Saída de Bueu ás 10:30 e regreso a 18:15,
Transporte 15.5€. 20 plazas

SÁLVORA, ILLA DE ESCULTURAS E LENDAS
Sábado 24 de febreiro e domingo 17 de marzo
Saída de O Grove ás 10h e regreso ás 15:30.
Transporte 20€. 20 plazas

CORTEGADA, O SEGREDO DUN BOSQUE NO MEDIO DO MAR.
Domingo 3 de marzo. Dende Carril. Transporte 12€. 15 plazas.
Xoves 7 de marzo. Dende Vilagarcía. Transporte 10€. 12plazas.
De 10h a 13:15h.

XUNTA DE GALICIA
RESERVAS E INFORMACIÓN:
www.illasatlanticas.gal
@iatlanticas@xunta.gal
886 218 090



RUTAS GUIADAS PROMOVIDAS POLO PARQUE

De novo este ano Parques organiza unha serie de visitas guiadas ás illas. A actividade é estupenda, pero de novo, un ano máis, teño que facer unha pequena crítica construtiva con respecto a estas viaxes.

Como podemos ver no cartel anunciador, ás illas Cíes, Ons e Sálvora o número de prazas é de 20 e a Cortegada 12. Isto é algo que seguimos sen entender. O Parque ten guías propios e pode contratar para estas viaxes a outros

que formou ao longo destes anos, polo que, contar con máis guías non debería ser o problema, só aumentaría un chisco o custo. Os barcos que van a estas illas teñen unha capacidade mínima de 150 persoas, polo que tampouco é problema o desprazamento.

Coido que un número ideal para estas viaxes sería de 75 persoas, en 3 grupos de 25. Estes grupos, ben organizados, poderían facer rutas distintas sen entorpecerse, tendo tamén en conta, un tempo no C. de Visitantes para, ademais de ver con guía o alí exposto, poder visualizar algún vídeo, documental,...

Por poñer un exemplo en Ons, un grupo pode quedar no Centro, outro ir cara ao sur e o terceiro cara ao norte, para logo ir intercambiando eses itinerarios.

O tempo tampouco sería problema, 8 horas son suficientes para realizar os itinerarios, comer e ata descansar un rato.

Agás que non haxa inscritos, que coido non é o caso, penso que 75 participantes sería unha aposta ideal para dúas excursións entre outono e primavera.

Fotos: Parque Nacional Illas Atlánticas

MANGA MARIÑA EN ONS

O mércores 17 de xaneiro de 2024, nas inmediacións da Illa de Ons xerouse unha manga mariña con ventos de 150 km/h, que despois de atravesar a Illa, deixando uns importantes danos no seu xa reducido arboredo (despois das intensas cortas realizadas estes pasados anos), atravesou o mar e dirixiuse cara a Sanxenxo e Cambados, provocando importantes danos materiais nos dous concellos.

Na illa entrou polo oeste e pasou pola zona centro-norte, atravesando unha importante zona de piñeiros mansos, de carballos e castiñeiros plantados nos anos 80 séc. XX. Unha importante desfeita, xa que os arrancou de raíz e case abriu un camiño cara ao mar preto da praia de Melide.

Esperemos que Parques cumpra a súa promesa e comece unha importante reforestación, polo menos nas zonas onde cortaron eucaliptos e acacias, e onde tivo lugar este remuíño, coiden esas repoboacións e polo menos Ons teña algo de arborado e sombra. *Fotos: Varu Camawei*





VARAMENTO DUN DELFÍN

Na praia de Canexol, en Ons, apareceu este mes de febreiro este delfín morto.

Dende a miña atalaia na praia de Pragueira, vía constantemente o paso de mandas de toniñas cara ao norte, cara ao sur e ata quedar, supoñemos que pola abundancia de peixe, preto da praia, dando uns saltos increíbles que provocaba un relax tremendo o velos.

Sen embargo, dende o mes de outubro de 2023, non vemos ese paso, case diario, que había. A que será debido? E por que apareceron tanto mortos na praias próximas da Lanzada e de San Vicente?

Día do LIBRO ou das LETRAS de ONS

Aínda quedan uns meses para que celebremos o *Día Internacional do Libro* e un pouco máis para o *Día das Letras Galegas* pero, como preparar algún tipo de evento leva un tempo, e máis se falamos da administración, coido que estando a 2 meses do **Libro** e a 3 das **Letras**, podería comezar xa a súa preparación.

Xa o temos comentado neste minixornal en varias ocasións, pero parece que a idea é intrascendente para as mentes pensantes da Consellería de M. Ambiente, para a súa D. Xeral de Patrimonio Natural, para a Dirección do Parque e tamén para os concellos respectivos aos que pertence cada illa.

Ons, e máis agora como illa pertencente a un Parque Nacional, estivo totalmente esquecida en estudos, traballos, investigación,...., literatura e, aínda o segue estando, por iso dedicarlle un **Día** ás súas Letras, Libros, Traballos, Investigacións, Estudos, Teses,...., sería importantísimo para fomentar, non só a lectura e a investigación, senón tamén a busca das raíces históricas, etnográficas, arqueolóxicas,...., naturais e científicas de cada illa.

Sería interesantísimo que o *día do Libro ou das Letras*, prepararan no Centro de Interpretación de Vigo, unha **Exposición** de todos os Traballos, Libros,...., Investigacións realizadas sobre todas as Illas do Parque, despois, xa no verán e pola afluencia de visitantes, sería tamén moi curioso e atractivo o dedicarlle uns días, en cada unha das illas do Parque, a unha **Exposición Bibliográfica** sobre ese arquipélago en concreto, xunto con algunha actividade que tivera que ver coa bibliografía desa Illa.

E, xa non digamos, se se anuncia un **Certame Literario** ou de **Investigación** sobre a illa en concreto (que habería que convocalo con bastante anterioridade) e aos traballos gañadores, ese día ou semana, se lle entregaran os premios, entre os que estaría como interesante, a publicación dos traballos gañadores.

Cantas maravillosas Actividades se poden levar a cabo nas illas do Parque, pero, e non me cansarei de dicilo, falla a figura dun **Técnico Cultural** que Organice e Dinamice todas esas posibles accións ilustrativas.

Quizais algún día haxa cambios, sobre todo políticos, que con máis ganas, traian transformacións no xeito de xestionar a cultura deste magnífico Parque Nacional galego.

PROTEXER O INVISIBLE

Xaime Toxo

Á esquerda, interesante libro de Xaime Toxo “Protexer o Invisible” cunha historia “O mar” centrada na Illa de Ons.

Á dereita a última revista “Entroido 2024” que edita o periódico <O Sil>. Nas súas páxinas unha entrevista a José M. Dopazo Entenza, sobre o Entroido na Illa de Ons.





Nas fotos, arriba, Manuel Patiño, preparando as terras para a sementeira. Ao igual que Rosiña, foto de abaixo. Parques, este ano, poralles axuda mecánica para poder sementar con facilidade?

ONS AGRÍCOLA 5/02/2024

Sobre Ons, desde a administración, cando se tratan asuntos que incumben á súa veciñanza, din que esta xa non existe, marchou, non vive alí de xeito continuo,..., por iso, dedicarlle fondos económicos para ofrecerlles unha serie de servizos, que son necesarios e imprescindibles para levar unha vida digna, din que non é viable para a poboación que hai. De aí xurde a polémica e o famoso dito: “*Non poñen servizos porque non hai poboación ou, non hai poboación porque non poñen servizos*”.

Pero si, en Ons hai poboación. Todas as súas casas foron arraxadas e rehabilitadas cando puideron facelo, despois de ser sometidos a unha emigración forzosa pola falla dun porto de abrigo para os novos barcos a partir dos anos 60 s.XX, e despois de organizar, con moito esforzo, a súa vida no continente, non dubidaron en regresar á terra que os veu nacer e pola que os seus antepasados moi duro tiveron que traballar para sobrevivir ás duras condicións de habitabilidade, que nunca foron atendidas polas administracións locais nin estatais xestoras.

Pero co forzoso desterro que sufriron, aínda quedaron alí varias familias, que sen ningún tipo de axuda, lograron seguir facendo as súas terras fértiles. Eses mesmos veciños e outros que se lle van sumando, seguen vivindo alí todo o ano e necesitan servizos.



TRACTOR AGRÍCOLA – COCHE ELÉCTRICO

5/02/2024


É de supoñer, que despois dun estudio exhaustivo de necesidades para Ons, Parques decidiu que era necesario o mercar un vehículo eléctrico para, aínda non sabemos cal vai ser o seu cometido, pero dubidamos da súa utilidade coñecendo os camiños da illa e a posible potencia que este, tipo camioneta, pode desenvolver, pois moito nos tememos que non pasará de viaxes de Curro a Pereiró e de Curro ao Faro; polas demais corredoiras miro o seu uso complicado.

O que si imaxinamos, que ruído pouco fará e quizais o gasto en combustible sexa menor que os todoterreo, que si se desenvolven por toda a illa, pero haberá que poñer un punto de carga, esa carga será, loxicamente, eléctrica e para que haxa carga eléctrica terá que estar funcionando un xerador que traballa a gasóleo. Ben, os técnicos saberán.

Sen embargo, en Ons si fan falla tractores, tanto para carga como para desenvolver traballos de limpeza forestal. Sabemos que son ruidosos e que funcionan a gasóleo, pero son imprescindibles para levar a cabo certos traballos necesarios nunha illa, polo que, os seus inconvenientes podemos consideralos tolerables para o bo traballo que realizan.

Isto vén ao caso porque, hoxe en Ons non hai gando vacún que poda tirar dun arado, e a merca dun tractor por particulares, agás para os negocios de hostalería que é necesario nunha illa, non poden permitirse o enorme custo que lle suporía para o pouco uso que ía a ter. Como xa temos tamén comentado, un pequeno tractor, a carón da utilización polos traballadores do Parque, tamén podería estar ao servizo dos aunienses con terras para, no momento de preparalas, da sementeira e da recolleita, axudalos; iso si, pagando o combustible e ao persoal que o conduza (como pasa en moitas terras da nosa xeografía labrega galega). Non estarían mellor empregados os cartos e daríase un excelente servizo aos veciños? **Páx. 3**

RECONSTRUCCIÓN DA CAPELA DE CORTEGADA



Corría o curso 89/90 s.XX cando inaugurabamos o colexio da Escardia, en Vilagarcía. Alí fun destinado e pasou a ser o meu último colexio como propietario provisional, antes da praza definitiva en O Grove.

Fun a vivir a Carril, concretamente aos edificios Pico Sacro e aluguei un apartamento cunha terraza cara ao mar de máis de 50 metros cadrados, cunhas vistas sobre a ría de Arousa e a Illa de Cortegada, excelentes. Tamén aluguei un garaxe cunha saída cara ao mar, o que facilitou poder ter gardada a miña piragua <San Miguel> e realizar un bo número de excursións á Illa de Cortegada.

Foi a mediados dos 90 s.XX, cando Lino Pazos Pérez, Historiador Naval, estaba á procura de datos e fotografías sobre as Ermidas das illas das Rías Baixas.

Acompañeino en numerosas ocasións nas visitas ás diferentes illas e, entre elas, un día de inverno, achegámonos nesa mesma piragua ata a Illa de Cortegada coa idea de pescudar in situ sobre a súa ermida e sacar as fotos conseguintes.

Despois da pequena navegación, entre o porto de Carril e o grupo de pedras que formaban, no que no seu día sería o pequeno peirao de Cortegada, deixamos a piragua a uns metros da orella e, cámara en man, dirixímonos ata ermida. Cando estabamos a uns poucos metros, de súpeto, dende o portalón das ruínas da ermida, saíu un enorme xabarlil, que, sen ánimo de recibirnos na que era a súa vivenda, veu cara a nós, non con moi boas intencións, o que provocou a nosa rápida fuxida cara á piragua e botala ao mar, quedando á espera de acontecementos. (No libro de Lino podemos ver a foto do intre da saída da ermida do xabarlil).

O animal resultou ser unha femia e dentro da ermida tiña ás súas crías. Estivemos esperando un bo rato e, cando xa íamos a desistir, vemos como sae o animal coa súa prole e comezan a camiñar cara ás derruídas casas da illa.

Esperamos un intre, deixamos a piragua preparada por se había que escapar de novo e, por quendas, un vixiaba outro facía as fotos e tomaba os apuntes necesarios.

Así foi a nosa primeira visita á ermida de Cortegada, froito da cal e coas pescudas realizadas por Lino Pazos en Carril, hemeroteca, arquivos,..., no ano 1999 saíu a luz o libro “*Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas*” que, á illa de Cortegada e á súa ermida dedícalle 11 páxinas.

Pois ben, como podemos ver nas fotos do libro, no interior da ermida, estaban todas as pedras ciscadas. Quizais neses anos, de poñerse a reconstruíla, poderían atopar todas as que formaban parte da bóveda e do seu perímetro, pero o paso do tempo e quizais unha mala manipulación posterior, fixo que hoxe falte algunha.

Dende que Cortegada pasou tamén a formar parte do Parque Nacional, a teima dos seus xestores era a reconstrución dalgunha das casas do pobo e, sobre todo a ermida, polo seu valor monumental e a importante devoción que teñen os veciños de Carril sobre ela.

Por fin, nestes intre, a Consellería de Cultura xunto co Parque Nacional, están a levar a cabo a restauración da ermida. Esperamos que nos traballos de limpeza dos restos que se levaron a cabo no ano 2017 foran realizados por unha empresa especializada e asesorados por persoal científico, polo feito de non deteriorar o material alí existente. Dende logo unha boa iniciativa que o pobo de Carril e Vilagarcía agradecerá.

Fotos, de arriba abaixo:

- *Xabarlil cando saíron da súa “casa” na ermida de Cortegada.*
- *Interior da ermida, a mediados dos anos 90 s.XX*
- *Reconstrución da bóveda da ermida, onde observamos que falta unha peza. (Foto cedida polo Parque Nacional)*
- *Libro de Lino Pazos, sobre as ermidas illeiras das Rías Baixas.*

A PROBLEMÁTICA DA LUZ EN ONS

Tratar o tema da falla deste servizo en Ons daría case para unha enciclopedia, por iso, neste pequeno apunte, comentarei, a zancadas de xigante, como se atopaba cando eu cheguei a Ons, ano 1974, e os pasos que se foron dando para a súa posta en funcionamento nos últimos 40 anos.

Como xa puidemos ler neste minixornal, a luz chegou a Ons da man de D. Diego Pazó Montes polos anos 50 s.XX, que foi o que trouxo o primeiro xerador para que os aunienses puideran, polo menos, ter unha pequena lámpada que substituíra á candeas e ao candil de carburo. Pero ese importante servizo, non posuía a mínima potencia para poder ter na casa un minúsculo electrodoméstico.

Como podedes ver na primeira e segunda foto (de arriba-abaixo da dereita), aínda nos anos 70 s.XX os postes eran de madeira e os fíos, tan diminutos, que un pequeno refacho de vento, se non tiraba o pau, mandaba os cables a dar unha volta pola redonda, o que significaba quedarse sen luz durante un bo tempo.

Tamén, como podemos observar na terceira foto, os enganches ás casas eran dunha precariedade tal, que non sei como non houbo algunha desgraza por cortocircuíto, aínda que, a dicir verdade, coa potencia que tiñan, non pasaría de, só, quedarse sen luz.

A luz, xunto coa propiedade das vivendas, a rehabilitación das casas, o saneamento e a auga, foron as principais reivindicacións dos veciños dende que, a mediados dos 80 s.XX, e despois de que a un nefasto Conselleiro de Agricultura se lle deu por deixar de cobrar a renda agrícola e a luz aos habitantes de Ons, se formara a Asociación de Veciños. Durante case 10 anos, a administración, como sempre, fixo caso omiso desas xustas reclamacións, ata que, nos anos 90 s.XX, a renovada directiva da As. Veciñal auniense conseguiu do Delegado de Agricultura de Pontevedra, Sr. Zugastí, que substituíra o débil e caduco tendido eléctrico, por outro máis moderno que xunto cun novo e máis potente xerador, cambiou o precario servizo eléctrico auniense.

Pero, como sempre pasa na administración, coído que non fixo daquela un estudo a fondo para a montaxe, pois, se o fixeran, polo menos nalgúns barrios ou zonas, o tendido podería ser subterráneo e con iso aforrarían cartos e evitaríase as problemáticas que agora esgrimen os xestores do Parque de: “Evitar problemas producidos polos temporais”. “Mellora e servizo da paisaxe da zona”. ..., cuestións que xa estaban presentes daquela.

Coido que levalo subterráneo ata Pereiró (como fixeron agora), a Curro alto e baixo, e ata Cucorno e o Faro, tal como estaban daquela os camiños (Ver foto cuarta. Camiño de Curro ao Faro) non tería problema ningún. Agora si. Imaxinar o custo de levantar o pavimento para facer a traída de Curro ao Faro, sería elevadísimo. Ben, con moi bo criterio, Parques, está a quitar os postes eléctricos, que danaban a paisaxe auniense de Curro a Pereiró, debido a que agora, fixeron as cousas como se debían facer no seu momento, subterráneas. Esperemos que sigan esta boa acción por toda a Illa.

Fotos de abaixo, cedidas por Parques.





CAMIÑO DENDE O CAMPAMENTO DA XUNTA ATA AS CASAS DE PEREIRÓ

Comentaba na anterior páxina, que Parques, coa substitución dos postes do tendido eléctrico, quere: “*Evitar problemas derivados dos temporais*”. Esas palabras reflicten que coñecen perfectamente que as inclemencias meteorolóxicas en Ons, provocan importantes danos. Sen embargo despois, á hora de tomar as medidas necesarias para paliar eses inconvenientes, asúmenas dun xeito superfluo, pois deberían de contar cun estudo técnico, feito por persoal apropiado, co tino de conseguir, que as medidas a adoptar sexan as máis adecuadas e duradeiras, é dicir, que non haxa cada ano ter que volver a reparar o arranxado o ano anterior.

Nas fotografías de arriba, barrio de Pereiró, vemos como as potentes chuvias deste febreiro, abriron de novo unha gabia buscando a auga a súa saída. Ons non é que teña unha forte orografía, pero si hai zonas con fortes pendentes que provocan estas avenidas ou aluviós que, á súa vez, deterioran os camiños por non estar ben acondicionados.

Este das fotografías en concreto, ten unha forte pendente que vén dende a zona alta do Campamento da Xunta e chega ata as casas de Pereiró, ou busca a súa saída cara á praia deste barrio. Cando hai fortes escorrentías, este camiño (que xa foi arranxando en numerosas ocasións) sofre un deterioro importante, tendo ademais en conta que por el circulan continuamente, sobre todo no verán, moitas persoas, os nenos do campamento, os tractores e todos terreos da Xunta e Campamento ao ter nese barrio as súas instalacións e o punto limpo.

É necesario que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, contrate un estudo exhaustivo dos camiños de Ons, en especial os que máis se deterioran pola meteoroloxía invernal e que posteriormente, por unha empresa especializada, se realicen os traballos necesarios para evitar o gasto continuo que anualmente teñen en reparacións. Se o custo é alto, que non pretendan facer toda a Illa á vez, senón por partes, segundo necesidades, urxencias,...., e presupostos.


SUBVENCIONS PARQUE NACIONAL ÁREA DE INFLUENCIA

Supoño que, como todos os anos, estarán a saír as subvencións para a Área de Influencia do Parque Nacional. Aínda que as considero insuficientes, no que algún punto da convocatoria se refire, por non aceptar Proxectos de fóra desa, mal chamada, Área pois só aceptan aos que se presenten desde os municipios de Ribeira, Vigo, Bueu e Vilagarcía, cando, estou seguro, que de abrir máis o espazo, poderían entrar Proxectos que redundarían na mellora do Parque.

Pois ben, aínda así, coido que estes anos presentáronse proxectos que, a priori, poden ser interesantes, pero non os coñecemos porque o Parque os ten agochados, non os presenta ao público e todos aqueles que estamos interesados nestas illas do Parque, quedamos sen poder visualizalos, coñecelos,...., e ver as súas posibilidades de cara a futuras investigacións sobre estas illas.

Sería importante que o Parque realizara exposicións, proxeccións,...., presentacións daqueles proxectos que poden ser interesantes para os investigadores, persoas interesadas nas illas,...., e para o público en xeral.

Estamos pendentes de observar, por exemplo, o Xogo Illa Marabilla, posta en valor do Patrimonio Arqueolóxico, Rutas da natureza, Mapa interactivo, Vídeo sobre polinizadores, Guía de actividades e usos tradicionais, Sálvora historia e patrimonio,....



Xogo, Illas das Marabillas